

DESPEDIMOS O VERÁN ENSUCIANDO OS PÉS

Mira que o do condenado barco nos ocupa a vida. Agora que tantas voces (non só do PP) coinciden en nos dicir que pasemos páxina, que o do *Prestige* é problema superado, que temos boa gana de nos afundir no pesimismo (¡ese mal dos galegos!), resulta que chega a *World Fishing Exhibition* de Vigo, preséntase un informe dicindo que sería imposible levar o petroleiro a porto con aquel tempo que facía e xa o temos outra vez no primeiro plano e a primeira plana. Vaia, hom, isto seica si que nos pode mellorar o carácter.

Estaría ben saber cómo fixeron os dous señores que presentaron o informe para botar os cálculos. Seica usaron un “simulador” e, en principio, tal palabra non parece que anime moito a crer (é broma, é broma, desculpen). Se se confirmase a teoría (que é abondo confirmar), a ver se en máis congresos nos aclaran por que levaron o *Prestige* arriba e abaixo, por que negaron que había marea negra, por que deixaron os mariñeiros sós a parar o chapapote, por que nin proveron nin contrataron medios para extraelo do mar, por que entorpeceron a voluntarios e concellos... Por que arestora, ante a materia negra que queda e a que chega, nin sequera temos o privilexio de lles escoitar un discurso coherente.

O pasado día 21 fomos á praia para o que verosimilmente será derradeiro baño marítimo desta tempada. Escollemos o areal de Esteiro, preto do das Catedrais. Estaba a marea baixa, e na parte interior había unha gran poza. Non se vía chapapote ningún por alí. Tampouco na superficie da praia. Só manchas e regos vellos polas penas, dos xa secos.

Aparencia, outra vez. Na beira do mar, atopamos a primeira lentelliña; levouna un de nós no calzado. Daquela, examinámonos e as pintas mouras aparecen nos pés, nos brazos... Volvemos ás rochas, e nalgunha delas encontramos fuel fresco, aquí unha lentella, aló unhas galletas (polo tamaño, das do tipo “María”).

Non era moito piche, non, pero era fresco. Na prensa, na rede, encontramos referencia doutros aluviós en diferentes partes da costa do país. Cambian as mareas. Isto empezou no outono pasado. Remata o verán e continúa. ¿Ata cando?

CONVÍDANNOS AO FORO DE TOLOSA

No 2001, producírase nesta cidade occitana unha explosión na fábrica AZF que deixara trinta mortos. De resultas, un forte movemento anticontaminación leva o selo de Tolosa.

Dous anos máis tarde, a organización *Plus Jamais ça ni ici ni ailleurs* (Nunca Máis tal cousa aquí nin en ningures) convocou un Foro contra riscos industriais. Celebrouse na fin de semana do día 21 (aniversario do desastre) e *Nunca Máis* foi expresamente convidada pola organización.

Alí estivemos.

PREMIO A NMP POR CONTRIBUCIÓN SOCIAL

A Jove Cámara de Comerç de Catalunya comunicanos que se nos concedeu un premio como a entidade que máis contribúe socialmente no Estado Español. O premio entregárase en decembro.

ÚLTIMA HORA: COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN

O día 23, despois dun informe crítico coa actuación do goberno español, o Pleno do Parlamento Europeo aprobou constituír unha comisión temporal para investigar a catástrofe do *Prestige*. Falta agora que o confirme a conferencia de presidentes. O PP opúxose e oponse.

